

Os nosos salarios soben o 2% desde o 1 de xaneiro de 2009

Tal e como establece o noso Convenio Colectivo 2007-2010 os nosos salarios incrementáanse desde o 1 de xaneiro nun 2%.

✍️ Unha vez coñecido o dato do IPC do 2008 e aínda sen ser oficial, décima arriba décima abaixo, situarase por volta do 1,5%, isto é, medio punto por baixo do incremento dos nosos salarios para este mesmo período, o que representa unha significativa mellora do noso poder adquisitivo.

✍️ Isto determina que os nosos salarios non teñen que revisarse ao finalizar 2008 e si terán que facelo ao cabo de 2009 se o incremento do IPC se situar por riba do 2%, xa que mantemos a

nosa cláusula de revisión salarial nos mesmos termos para 2009 e 2010.

Xa están contrastadas con AEB as **táboas salariais que reproducimos ao dorso desta circular**, que xa se comunicaron aos bancos, co obxectivo de podermos cobrar o incremento salarial neste mesmo mes de xaneiro.

Unha vez máis, a negociación colectiva constátase como a mellor fórmula de manter os nosos salarios e organizar a defensa dos nosos intereses. A capacidade negociadora dos sindicatos é a maior garantía de conseguir os nosos obxectivos, regulando e mellorando as nosas condicións laborais.

A túa afiliación contribúe directamente a mellorar a capacidade de negociación

Táboas salariais do Convenio Colectivo de Banca desde o 1 de xaneiro de 2009

Concepto	Táboa salarial de 2009 Importe euros en 12 pagas	Concepto	Táboa salarial de 2009 Importe euros en 12 pagas
SOLDOS		Trienios de Técnicos	
		Nivel I	484,55
Grupo de Técnicos		Nivel II	368,96
Nivel I	32.664,18	Nivel III e IV	319,46
Nivel II	28.244,41	Nivel V	262,57
Nivel III	23.887,81	Nivel VI e VII	176,19
Nivel IV	22.759,44	Nivel VIII	137,66
Nivel V	19.678,50		
Nivel VI	18.425,56	Asignacións especiais	
Nivel VII	17.506,40	Asignación transitoria	61,7
Nivel VIII	16.586,88	Asignación conserxes	266,43
		Complemento transitorio	571,33
Grupo de Administrativos			
Nivel IX	15.327,69	Outros Complementos	
Nivel X	13.656,38	Compl. de calidade de traballo	2.038,13
Nivel XI	12.271,26	Compl. de polivalencia funcional	1.116,25
		Compl. de servizos xerais	1.116,25
Grupo de Servizos Xerais			
Nivel IX	15.327,69	Bolsa de vacacións	
Nivel X	13.656,38	Xuño, xullo, agosto ou setembro	139,18
Nivel XI	12.271,26	Marzo, abril, maio ou outubro	222,68
Nivel XII (hora)	3,17	Resto dos meses	389,67
Trienios		Axudas de custo	
Serv. Xral. 12 (hora)	0,17	Pasando a noite fóra do domicilio	
Titulado con xornada incompleta	212,21	Propio	29,58
Resto do persoal	424,41	Cando se pase a noite no domicilio propio	12,96

NOTA.- Para a determinación do salario anual, corresponde dividir por doce os conceptos de soldo e trienios destas táboas salariais e multiplicalas polo número de pagas que se indican na ficha salarial.

Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > [http:// www.comfia.net/bs/](http://www.comfia.net/bs/)

Boletín de afiliación Enviar a ? 3532-0002 CC.OO.		Sinatura	
Nome	Ofi.:	DNI	
Domicilio			
Poboación	C.P.:		
Cta. de cargo		Data / /	

Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: <http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html>. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (<http://www.ccoo.es>) dos ditos acordos e dos datos das entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz nº 12. 28010. Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Se tes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a lodp@cco.es ou chamar por teléfono ao 917028077.

COMFIA-CCOO grupo banco sabadell
C. l'Horta Novella, 23 - 08201 Sabadell
CPI 3532-0002 Tel. (93) 748 13 22 - Fax (93) 725 86 76 CCO0901@bancsabadell.com
<http://www.comfia.net/bs/>